

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

**ACORDO SOBRE ORDENACIÓN E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO, XORNADA, RETRIBUCIÓNS E CONDICIÓNNS DE TRABAJO DO PERSOAL MÉDICO E DIPLOMADO EN ENFERMERÍA DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA.**

No ano 2007 culminou, en execución do acordo asinado o 20 de abril de 2005 na Mesa Sectorial (DOG nº 105, do 2 de xuño), o proceso programado no tempo para a dotación de prazas de persoal médico e de enfermería dos Puntos de Atención Continuada e a incorporación de persoal con vínculo interino a ditas prazas.

Neste intre, finalizado dito proceso, procede mellorar con este Acordo as condicións dos postos de traballo con actuacións que se refiren, por unha parte, á tramitación dunha oferta de emprego que habilite vínculos de fixeza para o colectivo dentro das categorías de Médico de Familia e Diplomado Universitario en Enfermería; por outra, e de forma paralela, con medidas singulares en materia de xornada e retribucións axustadas ás peculiaridades da prestación de servizo nos postos dos Puntos de Atención Continuada.

Trátase, pois, de axustar o réxime xurídico deste colectivo de persoal á especificidade da súa prestación –continua ao longo do ano con presenza importante das noites–, ao contexto actual do emprego, en coherencia coas políticas de persoal aplicables a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde, e ao proceso de implantación do Plan de Mellora de Atención Primaria de Galicia 2007-2011.

Este Acordo, ademais, preséntase tamén como o instrumento axeitado para incorporar nun único texto determinados aspectos da regulación anterior, cuxa vixencia se considera oportuna, e outras melloras particulares incorporadas á regulación en execución e seguimento do Acordo do ano 2005.

Coa ordenación de postos que se establece dase plena virtualidade á vontade xa manifestada anteriormente na Mesa Sectorial de considerar os postos de persoal licenciado e diplomado sanitario dos PAC como postos de traballo específicos dentro das categorías de Médico de Familia e Diplomado Universitario en Enfermería. Así, prevese que os procesos de provisión destes postos se incardinan nos propios desas categorías, cunha referencia expresa á próxima oferta de emprego público.

No que se refire ao réxime de xornada e retribucións, o Acordo está dirixido a conciliar as peculiaridades dos postos de traballo dos Puntos de Atención Continuada, creados pola norma para a prestación de atención continuada ao longo de todos os días e noites do ano, coa escaseza actual de profesionais e a necesidade, por todos asumida, de garantir a prestación da asistencia.

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

Particularmente, no relativo á xornada, explíctase a relevancia da vontade dos profesionais para a fixación da súa xornada complementaria, sempre dentro da debida garantía da prestación da asistencia, mediante o establecemento das bases dun réxime de voluntariedade. No que se refire ás retribucións asúmese que as peculiaridades destes postos de traballo deben atenderse coa incorporación de factores ligados á nocturnidade e á festividade.

Por último, o Acordo fai referencia expresa a outros aspectos relevantes, como son, entre outros, a elaboración ordenada e equitativa de calendarios (garantindo a participación do persoal), vacacións, incidencia neutra da incapacidade temporal no cómputo de xornada ou carreira profesional.

O presente Acordo ten o seu basamento normativo no disposto no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e nos artigos 79 e 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, e resulta de aplicación ao persoal médico e diplomado en enfermería que desempeñe os postos de traballo específicos dos Puntos de Atención Continuada a que alude o parágrafo 3 do artigo 5 do Decreto 172/1995 (redacción dada polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño).

Con base no que antecede, os representantes da administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CEMSATSE (SATSE), de conformidade co acordado en acta do 22 de febreiro, asinan con data 14 de marzo de 2008 o presente

**ACORDO SOBRE ORDENACIÓN E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO, XORNADA, RETRIBUCIÓN E CONDICIÓNS DE TRABAJO DO PERSOAL MÉDICO E DIPLOMADO EN ENFERMERÍA DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA.**

**Artigo 1. Obxecto e ámbito.**

O presente Acordo ten por obxecto establecer as bases para a ordenación e provisión dos postos de traballo específicos de persoal estatutario médico e diplomado en enfermería dos Puntos de Atención Continuada, aos que se refire o parágrafo 3 do artigo 5 do Decreto 172/1995 (redacción dada polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño), e desenvolver o réxime de xornada, retribucións e determinadas condicións de traballo do persoal que desempeñe ditos postos con vínculo fixo ou temporal.

Anexo Acta de 14 de marzo de 2008

## **Artigo 2. Vixencia.**

1.- O presente Acordo terá efectividade desde o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, coa excepción das disposicións relativas a xornada ordinaria e retribucións, que terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2008.

Por instrucións do Servizo Galego de Saúde, previa negociación na comisión de seguimento do Acordo, establecerase o réxime de voluntariedade previsto no artigo 5. En tanto non se diten estas instrucións aplicarase o sistema de ordenación da xornada e participación voluntaria actualmente vixentes.

2.- Este Acordo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2010, e prorrogarase automaticamente, por períodos sucesivos de un ano, de non mediar denuncia expresa dalgunha das partes realizada cunha antelación mínima de tres meses á finalización de cada período de vixencia.

## **Artigo 3. Ordenación dos postos de traballo.**

Os postos de traballo en PAC configúranse dentro das categorías de Médico de Familia e Diplomado Universitario en Enfermería, coas condicións de traballo e retributivas reguladas neste Acordo e as establecidas con carácter xeral para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

## **Artigo 4. Acceso aos postos de traballo.**

O acceso de persoal fixo aos postos dos Puntos de Atención Continuada farase efectivo a través dos procesos selectivos e de provisión de prazas das categorías de Médico de Familia e Diplomado Universitario en Enfermería.

A selección de persoal temporal efectuarase polo procedemento establecido para o resto de persoal no ámbito da selección temporal, actualmente no marco do Pacto de vinculacións temporais.

## **Artigo 5. Xornada de traballo, réxime de voluntariedade, programación da actividade e horario.**

1.- A xornada ordinaria nos postos de traballo dos Puntos de Atención Continuada, con prestación en horario de noite, será de 1430 horas efectivas anuais. Esta xornada considérase efectiva porque para a súa fixación xa se exclúen as vacacións regulamentarias, 9 días de libre disposición, os 14 festivos e os descansos regulamentarios no ano natural, tomando como

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

referencia os artigos correspondentes a xornada, descansos e permisos da Lei do Estatuto Marco dos Servizos de Saúde, e demais normas sobre a materia propias do Servizo Galego de Saúde.

2.- Para a prestación de xornada complementaria, sobre a fixada neste Acordo como ordinaria para cada ano, atenderase á vontade dos/as profesionais manifestada a través dun procedemento regulado. Tamén atenderá ás horas dos programas funcionais non cubertas por indispoñibilidade acreditada de profesionais. O Servizo Galego de Saúde, mediante instrucións, e previa negociación na comisión de seguimento coas organizacións asinantes deste Acordo, establecerá o réxime e procedemento para o exercicio e efectividade da opción de voluntariedade, en termos parangonables co réxime de voluntariedade do persoal de ordinaria en atención á debida garantía da cobertura asistencial á poboación.

Este réxime de voluntariedade compatible coa garantía da asistencia deseñarase sobre as seguintes bases:

a) estudio previo de necesidades (horas estruturais), que se recollerán nos plans funcionais coas previsións en cada PAC, con adaptación ás peculiaridades dos diversos ámbitos territoriais.

b) oferta de voluntariedade, coa mesma vixencia do presente Acordo. Na oferta, previa negociación na comisión de seguimento, concretaranse os diversos tramos de voluntariedade, que terán como límites 230 horas (mínimo) e 660 horas (máximo).

c) Na súa opción de voluntariedade, o persoal poderá expresar a súa disposición a prestar xornada complementaria en PACs limítrofes, así como a exercer esa voluntariedade noutros ámbitos nos que poidan existir horas non cubertas na oferta de voluntariedade que se realice.

d) Sen prexuízo do carácter xeral da oferta de voluntariedade sobre as horas que se definan nos plans funcionais, na asignación de horas a cada profesional voluntario terase en conta o dereito de reserva que poidan exercer aqueles profesionais que ata agora viñan optando por un determinado tramo de voluntariedade consonte ao Acordo de Mesa sectorial do 20 de abril de 2005-DOG nº 105, do 2 de xuño. En consecuencia, a cota de horas de prestación voluntaria actualmente asumida polo persoal das unidades serán ofertadas a este mesmo persoal. O mesmo será aplicable ás horas dispoñibles que teñan a súa orixe en renuncias deste persoal. En reciprocidade, as horas que teñan a súa orixe na xornada do persoal PAC ou en prazas vacantes PAC ofertaranse ao persoal dos mesmos. As non cubertas dalgún dos orixes anteriores (ordinaria/PAC) poderán ser ofertadas ao persoal da outra orixe.

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

A xornada complementaria terá como finalidade principal garantir a cobertura da prestación necesaria en horario PAC. Os plans funcionais, onde se recollen as características da prestación, horarios e presenzas en PAC, serán determinados previa negociación entre as xerencias e as comisións de centros. As necesidades de cobertura en PAC das opcións de voluntariedade poderán estenderse ata o 80% das máximas do tramo escollido, agás opción voluntaria para a súa extensión ata o 100%.

3.- Como garantía mínima para a planificación da cobertura, cando non sexa suficiente a voluntariedade, e tomando como referencia as prestacións recollidas nos plans funcionais de cada PAC, as Xerencias poderán dispoñer da extensión da xornada ordinaria ata 1.570 horas.

Esta extensión de xornada ata 1570 horas orientarase á cobertura de horas estruturais vacantes na carteleira, así como para cubrir incidencias (cobertura programable de ausencias e reparto equitativo de calendario) –ausencias tales como IT e demais de longa duración, redución de xornada (en ningún caso a aceptación da redución poderá supoñer modificación do calendario á persoa que opta á redución)–, permisos maternais ou paternais, e situacións similares, sen que poidan ser usadas para cubrir continxencias (cobertura non programable de ausencias e/ou e reparto equitativo de calendario).

4.- A xornada e os horarios dos postos de traballo adaptaranse á organización do Punto de Atención Continuada, segundo resulte da planificación correspondente. Na fixación dos horarios do persoal e na distribución da xornada ao longo do horario do PAC e días do ano procurarase a equidade entre todo o persoal que traballa na atención continuada. Os calendarios anuais terán unha cadencia en asignación de quendas que leven a un reparto proporcionado do número de horas mensuais de prestación, coa previsión inicial do mes de vacacións. En todo caso, isto non poderá condicionar o dereito ao disfrute efectivo das vacacións anuais correspondentes.

Na elaboración dos calendarios participará o persoal que presta servizos no PAC, incluído o persoal das unidades que realiza gardas voluntarias. Para dita elaboración, a xerencia convocará a cada servizo/unidade/PAC alomenos a dous reunións ao ano. Estes calendarios ou as súas modificacións, con carácter previo á súa aplicación, serán obxecto de notificación individual a todos os traballadores e a xunta de persoal ou comisión de centro.

5.- Nos plans funcionais determinarase os criterios para a cobertura das ausencias imprevisibles; de non ser acordados, fixaranse pola comisión de seguimento deste Acordo, atendendo ás peculiaridades e necesidades propias de cada ámbito territorial. Ditos criterios orientaranse ao establecemento de fórmulas que eviten a dispoñibilidade permanente do persoal voluntario e a

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

garantir, en todo caso, o aproveitamento dos descansos regulamentarios, incluído o dereito a unha fin de semana libre ao mes como mínimo.

6.- A xornada complementaria por riba das 1570 ou da opción voluntaria poderá estenderse a requirimento dos órganos directivos con base en necesidades asistenciais derivadas de falta de persoal dispoñible. Nos plans funcionais recolleranse os criterios para a realización de xornada obrigatoria. De non chegarse a Acordo nas comisións de centro nalgún ámbito, a comisión de seguimento deste Acordo determinará os criterios de cobertura da prestación polo persoal, atendendo ás peculiaridades e necesidades propias de cada ámbito territorial.

7.- Nos supostos de falta de persoal dispoñible para o mantemento da asistencia debida, a dirección do centro poderá adoitar medidas excepcionais que impliquen a superación do límite de xornada, polo tempo imprescindible e mediante resolución motivada, co consentimento do profesional, condicionadas á adopción de accións na busca da restitución da normalidade. Tales supostos irán acompañados de medidas excepcionais de compensación, en xornada ou retributivas, á elección do traballador. Para estes efectos, as horas realizadas en exceso de forma obrigatoria por riba das 2090 horas anuais efectivas, compensaranse co dobre do seu tempo en descanso; ou cun 75% adicional do seu valor.

**Artigo 6. Retribucións.**

1.- O persoal incluído no ámbito de aplicación deste Acordo percibirá as retribucións previstas na normativa vixente para o persoal médico de familia e diplomado universitario de enfermería de atención primaria –Decreto 226/1996, do 25 de abril, e disposicións complementarias. Se ben, dado o tipo de prestación na que non cabe libre elección por parte dos usuarios, retribuirase sen asignación do complemento de produtividade (factor fixo) derivado dos factores previstos no seu artigo 7 a).

Estas retribucións fixas e periódicas retribuirán a xornada establecida para cada ano como ordinaria.

2.- En atención ás características dos postos de traballo de PAC, con prestación ordinaria ao logo de todos os días e noites do ano, remunerarase adicionalmente os seguintes factores específicos no desempeño dos postos PAC:

- festividade: retribúe a prestación da xornada en postos PAC en horas de días domingos/festivos.

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

- nocturnidade: retribúe a prestación da xornada en postos PAC en horas nocturnas (22 a 8 horas) .
- xornada complementaria: retribúe a realización de xornada adicional e complementaria por encima da acordada como ordinaria anual.

O persoal médico será retribuído cos conceptos que se determinan.

Ao persoal diplomado en enfermería seralle de aplicación o réxime de atención continuada por nocturnidade e festividade vixente para o persoal de enfermería de atención especializada.

Como **ANEXO** ao presente Acordo figuran incorporados a totalidade dos conceptos retributivos aplicables e a súa contía.

Ditas contías incrementaranse nas porcentaxes que se establezan nas sucesivas Leis de Orzamentos.

3.- O persoal poderá participar de acordo co artigo 7 c) do Decreto 226/96 nos obxectivos e programas prefixados polo Servizo Galego de Saúde coa correspondente asignación individual das contías derivadas do grao de cumprimento dos mesmos (complemento de produtividade factor variable). Os obxectivos e o seu seguimento serán específicos da competencia profesional a desenvolver nos postos de traballo dos Puntos de Atención Continuada. As contías e demais condicións de comportamento deste complemento serán as mesmas que se establecen con carácter xeral para o resto do persoal de atención primaria.

4.- A realización de xornada os días 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro retribuirase adicionalmente consonte ao réxime xeral aplicable nas institucións do Organismo para eses días de especial significación.

**Artigo 7. Participación no traballo da unidade ou servizo.**

O persoal dos PAC poderá participar voluntariamente no horario da prestación da atención ordinaria das unidades e servizos. O Servizo Galego de Saúde, previa negociación na comisión de seguimento deste Acordo, establecerá o procedemento para o exercicio desta prestación, que será retribuída como xornada complementaria.

Anexo Acta de 14 de marzo de 2008

## Artigo 8. Outras condicións.

1.- Garantírase o carácter neutro, para efectos de cómputo de xornada, dos períodos de incapacidade temporal (en termos equivalentes ao resto do persoal do Servizo Galego de Saúde).

2.- O período vacacional entenderase referido tanto á prestación da atención continuada como á participación no traballo da unidade ou servizo.

3.- Nos calendarios de traballo deberán facerse os axustes necesarios para o exercicio dos dereitos ao descanso diario e semanal ou alternativos dentro do período que corresponda, recaendo alomenos nunha fin de semana ao mes.

4.- Complementos de Intersubstitución e ampliación de xornada: O persoal licenciado e diplomado sanitario en postos PAC que realice actividades en xornada complementaria que supoñan participación na intersubstitución e ampliación de xornada dos equipos das unidades e servizos percibirá tamén os complementos ligados a estas actuacións.

5.- Carreira Profesional: Os servizos prestados en postos de PAC serán valorados no futuro réxime ordinario de carreira profesional. A contía do complemento de carreira por cada grao recoñecido será a aplicable ao persoal sanitario licenciado e diplomado.

6.- Servizos prestados en nomeamentos de atención continuada: Os servizos prestados en nomeamentos de atención continuada ou gardas no Servizo Galego de Saúde, sexan ou non baixo as condicións de alta continuada para cotización á Seguridade Social, computaranse co criterio de equivalencia de 30 días ou un mes por cada 130 horas traballadas, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Este criterio será recollido nos futuros baremos no apartado de servizos prestados ou experiencia profesional nos procesos de selección, fixa e temporal, ou provisión convocados polo Organismo.

7.- Persoal eventual: O persoal con vínculo de natureza temporal con duración inferior a un ano, terá os mesmos dereitos e obrigas que o persoal fixo, e seralle aplicable este Acordo en iguais termos. A comisión de seguimento poderá acordar disposicións de aplicación do mesmo adaptadas a duración do nomeamento e a xornada realizada.

8.- Formación: Os médicos de familia e persoal diplomado en enfermería que ocupen postos de PAC poderán desfrutar de permisos para formación acreditada polos sistemas de acreditación da formación das profesións sanitarias, e as accións formativas incluídas no Plan de formación continua das administracións públicas (SERGAS, outras administracións públicas ou organizacións sindicais), que os seus programas estean relacionados coas funcións do seu posto de traballo, ou para capacitación profesional, cando a

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

programación dos cursos sexa coincidente co horario de traballo. Por este motivo poderán solicitarse ata 28 horas ao ano.

Cando se exceda o límite de horas establecido, ou as materias non estean relacionadas coas funcións dos postos de traballo, os órganos directivos dos centros de xestión, poderán facilitar a asistencia, cando as necesidades do servizo así o permitan.

**Artigo 9. Comisión de seguimento do acordo**

Para levar a efecto o desenvolvemento deste Acordo, constituirase unha comisión de seguimento na que estarán representadas as organizacións asinantes e a Administración. Corresponderá a dita comisión resolver as cuestións que se susciten na interpretación e execución do Acordo. En particular, e con carácter prioritario, negociaranse na comisión o réxime de prestación voluntaria, cos mecanismos que garanticen a prestación da asistencia, e as garantías para unha axeitada ordenación da xornada.

**Artigo 10. Desenvolvemento normativo**

A Administración ditará as disposicións necesarias para o aplicación e execución do presente Acordo.

**Disposición Adicional. Oferta Pública de Emprego 2008.**

En atención ao previsto no artigo 4 deste Acordo, a execución da oferta de emprego público do ano 2008 incluíra un proceso selectivo para Medicina de Familia cun total próximo ás 650 prazas, das cales aproximadamente 480 serán postos de Puntos de Atención Continuada.

Igualmente tramitarase un proceso selectivo para Diplomados Universitarios de Enfermería cun total próximo ás 650 prazas, das cales aproximadamente 360 serán postos de Puntos de Atención Continuada.

Todas estas prazas serán ofertadas para a mobilidade do persoal fixo (concurso de traslados), con toma de posesión simultánea no proceso selectivo e concurso de traslados.

**Disposición Transitoria Primeira. Aplicación paulatina da xornada ordinaria.**

*Anexo Acta de 14 de marzo de 2008*

A xornada ordinaria de 1430 horas de traballo prevista no punto 1 do artigo 5 será aplicable a partir do 1 de xullo de 2009.

Durante o período xaneiro 2008-xuño 2009, a xornada ordinaria anual aplicable será de 1515 horas.

**Disposición Transitoria Segunda. Aplicación paulatina dos complementos de nocturnidade e festividade**

As contías previstas para os complementos de nocturnidade e festividade no artigo 6.2 aplicaranse progresivamente coas seguintes porcentaxes nos anos 2008-2010, con efectos do 1 de xaneiro do ano correspondente.

- 2008: 40% (resultado en 2008: 40 % das contías).
- 2009: 40% (resultado en 2009 : 80 % das contías).
- 2010: 20 % (resultado en 2010 : 100% das contías).

**Disposición derogatoria única.**

Quedan derogados os preceptos do Acordo de Mesa sectorial do 20 de abril de 2005 (DOG nº 105, do 2 de xuño) relativos ao persoal sanitario (licenciado e diplomado) dos Puntos de Atención Continuada.

Anexo Acta de 14 de marzo de 2008

## ANEXO

### MÉDICO DE FAMILIA DE PAC (CON C.E.)

#### RETRIBUCIÓN FIXAS

	Importe/mes	Nº pagas	TOTAL ANUAL
Soldo Base	1.135,11	14	15.891,54
Complemento Destino	514,08	14	7.197,12
Complemento Específico	794,13	12	9.529,56
Complemento Produtividade Fixa	279,16	12	3.349,92
Complemento Adicional Paga Extra	85,68	14	1.199,52
<b>SUBTOTAL</b>	<b>2.808,16</b>		<b>37.167,66</b>

Contía adicional art 12.2º Lei 16/2007 e Acordo Consello da Xunta do 29/10/2007:

XUÑO 2008	357,72	1	357,72
DECEMBRO 2008	715,46	1	715,46
<b>SUBTOTAL</b>			<b>1.073,18</b>

**TOTAL ANO 2008**

**38.240,84**

#### RETRIBUCIÓN VARIABLES

€/hora

Nocturnidade 100% (aplicación progresiva disposición transitoria segunda)	4,20
Festividade 100 % (aplicación progresiva disposición transitoria segunda)	9,98
Xornada Complementaria	24,48

Anexo Acta de 14 de marzo de 2008

## ENFERMEIRO/A DE PAC

### RETRIBUCIÓN FIXAS

	Importe/mes	Nº pagas	TOTAL ANUAL
Soldo Base	963,37	14	13.487,18
Complemento Destino	417,43	14	5.844,02
Complemento Específico	268,67	12	3.224,04
Complemento Produtividade Fixa	44,31	12	531,72
Complemento Adicional Paga Extra	69,57	14	973,98
<b>SUBTOTAL</b>	<b>1.763,35</b>		<b>24.060,94</b>

Contía adicional art 12.2º Lei 16/2007 e Acordo Consello da Xunta do 29/10/2007:

XUÑO 2008	104,32	1	104,32
DECEMBRO 2008	208,64	1	208,64
<b>SUBTOTAL</b>			<b>312,96</b>

### TOTAL ANO 2008

**24.373,90**

### RETRIBUCIÓN VARIABLES

€/hora

Nocturnidade 100% (aplicación progresiva disposición transitoria segunda)	2,45
Festividade 100 % (aplicación progresiva disposición transitoria segunda)	7,34
Xornada Complementaria	16,03